
1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 17 de marzo de 1997 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia un escrito da Secretaría Xeral da Consellería Sanidade e Servizos Sociais de data 14 de marzo de 1997 sometendo á consideración deste organismo o Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, para que polo Consello se emitira o preceptivo dictame.

2.- O texto articulado do Anteproxecto de Lei foi remitido polo presidente do Consello con data 18 de marzo ó presidente o ós membros da Comisión Sectorial 2, *Calidade de vida e protección social*, competente por razón de materia. Á vez, tal e como establece o Regulamento do CES, deuse conta á Comisión Permanente da devandita entrada e remisión do texto do Anteproxecto de Lei.

3.- Con esta mesma data, o secretario xeral do CES remite o texto articulado do Anteproxecto de Lei ós membros da Comisión Sectorial e comunica á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais que o procedemento para a emisión de dictame preceptivo do Consello sobre o asunto reclamado xa foi posto en marcha e establécese o prazo para o remate dos traballos.

4.- O día 18 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial 2 para o día 20, co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de dictame. Nesta sesión, a Comisión non rematou o seu traballo de análise do texto enviado polo que decidiu autoconvocarse para unha nova sesión para o día 1 de abril e abrir un período de reflexión para que os distintos grupos representados na mesma poideran aportar as súas propostas de modificacións.

5.- Na sesión do 1 de marzo, a Comisión Sectorial 2 traballou sobre as propostas dos grupos e aprobou, por maioría, a proposta do dictame. Esta proposta foi remitida ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- A Comisión Permanente do Consello, na súa reunión do día 7 de marzo, á vista do texto elaborado pola Comisión Sectorial 2, acordou convoca-lo Pleno do CES para o día 24 de abril e eleva-la proposta de dictame.

7.- Antes desa data, os representantes do Sindicato Labrego Galego e das organizacións sindicais UGT-Galicia e o S.N. de CC. OO. de Galicia remitiron propostas de enmendas ó devandito texto. Foi aprobada por maioría a proposta do Sindicato Labrego Galego relativa ós artigos 37 e 38 e foron rexeitadas, tamén por maioría, as que fan referencia ó artigo 9, apartados a) e c) e artigo 57.3, que se incorporan ó dictame como votos particulares. O resto do dictame foi aprobado por unanimidade.

8.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, reunido na súa sesión 3/97 o xoves, 24 de abril, aprobou o seguinte

DICTAME

***sobre o Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991,
do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social***

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei pola que se reforma a Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, ó que atinxe o presente dictame, mantén a mesma estrutura que a norma de referencia, agás que propón a supresión das Disposicións transitorias segunda e terceira da vixente Lei. Limitase a unha modificación do texto articulado, que é ou ben de fondo ou ben técnica, pero mantendo en todo caso a forma estrutural orixinaria.

A Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, consta de Título preliminar e 3 Títulos, 3 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións derradeiras.

O Título Preliminar refírese ó obxecto da norma, ós programas que inclúe o “Plano de Loita contra a pobreza”, establece a definición da renda de integración social de Galicia (coñecida como Risga), as competencias da Consellería competente en materia de servicios sociais e o papel reservado ós concellos.

O Título I, “Da renda de integración social de Galicia”, consta de oito capítulos: Capítulo primeiro: “Disposicións Xerais”; Capítulo segundo: “Dos beneficiarios”; Capítulo terceiro: “Das prestacións”. Este capítulo divídese en tres Seccións (1ª, Prestacións económicas; 2ª, Proxecto de inserción; 3ª, Duración das prestacións); Capítulo cuarto: “Das obrigas dos beneficiarios”; Capítulo quinto: “Da tramitación”; Capítulo sexto: “Da concesión provisional, modificación, suspensión e extinción”; Capítulo sétimo: “Da impugnación”; e Capítulo oitavo: “Dos órganos de control e seguimento”.

As axudas para situacións de emerxencia social están recollidas no Título II do texto legislativo. Este título consta de 5 capítulos: Capítulo primeiro: “Obxecto e natureza”; Capítulo segundo: “Dos requisitos”; Capítulo terceiro: “Da contía”; Capítulo cuarto: “Da tramitación”; e Capítulo quinto: “Da impugnación”.

O Título III, “Programas de desenvolvemento integral comunitario”, consta de dous capítulos: Capítulo primeiro: “Obxecto”; e Capítulo segundo: “Da Comisión Interdepartamental de Loita contra a pobreza”.

Como xa se viu, a proposta de modificación non varía esta estrutura xeral.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

As estratexias de loita contra a exclusión social, nas que se enmarcan as disposicións da actual Lei 9/1991, do 2 de outubro, e o Anteproxecto de Lei para a súa reforma, teñen que contemplar medidas económicas, laborais e sociais. O aspecto social e o económico son parte da mesma realidade. Non se pode erradica-la exclusión só con medidas sociais, do mesmo modo que o mero crecemento económico tamén é insuficiente. Para a creación dun espazo común europeo é necesario converxer en sistemas de protección social equivalentes e medidas que compensen as repercusións negativas das políticas estruturais.

O Consello Económico e Social de Galicia ten elaborado un informe sobre “A situación da pobreza e o nivel de protección social en Galicia” que tiña como obxecto coñecer en profundidade a natureza e a extensión da pobreza e a exclusión social en Galicia. A elaboración dese informe, por propia iniciativa, tiña entre as súas finalidades que as súas conclusións serviran para reformar determinados aspectos dos actuais requisitos de acceso ás axudas da renda de integración social de Galicia e profundizar na aplicación do Título III da Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas contra a Exclusión Social: “Programas de desenvolvemento integral comunitario”.

O traballo desenvolvido no seo do Consello tivo como resultado a elaboración dunha ***Proposta de reforma de determinados aspectos dos actuais requisitos de acceso ás axudas da renda de inserción social de Galicia (Risga)*** consensuada por tódolos grupos representados no CES. A proposta baseábase nas conclusións da plataforma negociadora Administración autonómica-axentes sociais coñecida como “Mesa do Risga”, conclusións que foron asumidas como propias polo Consello. A proposta de reforma foi a seguinte:

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
Artigo 8 1- Non terán dereito á percepción económica, aínda que si á incorporación ós proxectos de inserción, os perceptores de pensións ou axudas de carácter público, contributiva ou non contributivas, calquera que fose a súa contía anual, salvo cando, por teren cargas familiares, tivesen dereito a prestacións de protección á familia, de acordo coa lexislación en vigor, sen prexuízo do establecido no artigo 13.3 da presente lei. 2- O sinalado no parágrafo anterior esténdese a aqueles que tendo dereito ás referidas prestacións non exercitasen as accións pertinentes para o seu recoñecemento.	1- <i>“Os perceptores de pensións ou axudas de carácter público, contributivas ou non contributivas, só terán dereito, sempre que cumpran tódolos requisitos establecidos no capítulo seguinte, á incorporación ós proxectos de inserción, sen prexuízo do establecido no artigo 13.3 da presente Lei.”</i> 2- <i>“Non obstante, terán tamén dereito ó subsidio básico e máis ó complemento variable aqueles que por teren cargas familiares tivesen dereito a prestacións de protección á familia, de acordo coa lexislación en vigor.”</i> 3- <i>“O sinalado no primeiro parágrafo esténdese a aqueles que tendo dereito ás referidas prestacións non exercitasen as accións pertinentes para o seu recoñecemento”.</i>
Artigo 9 b) Que teñan constituído un fogar independente polo menos cun ano de antelación á data da solicitude. Quedan eximidas deste requisito as persoas con menores ó seu cargo que, por necesidade ou circunstancias de especial gravidade, se vexan obrigadas a acollerse noutro fogar.	B) <i>“Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente ó solicitante”.</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
d) Dispoñer duns recursos inferiores á contía da prestación económica da renda de integración social de Galicia que lle correspondería considerando a súa situación económica e familiar de acordo co artigo 12 da presente lei. e) Que exerciten as accións pertinentes para o cobramento de calquera crédito que puidese corresponderlles e dos que teñan coñecemento en virtude de título legal ou convencional. f) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil, a criterio da Comisión técnica provincial prevista no artigo 25, con base nos informes obrantes no expediente, sen prexuício do establecido no artigo 29.1. No suposto de que o obrigado a prestar alimentos optase por satisfacelos acollendo e mantendo no seu propio fogar ó alimentista, este no perderá o dereito á percepción económica da renda de integración social de Galicia se opta polo matemento do fogar independente e non accede á casa do obrigado, sempre que a comisión técnica valore que esta opción favorece o logro de obxectivo da inserción social.	D) “<i>Carecer de recursos económicos suficientes para a subsistencia a dispoñer duns ingresos inferiores a contía de prestación económica da Risga que lle correspondería de acordo co artigo 12 da presente Lei, considerando o número de membros que configuren a unidade de convivencia</i>”. E) <i>Supresión deste requisito como tal, aínda que se esixirá como obriga do beneficiario que no caso de non cumprirse motivará a extinción da prestación.</i> F) “<i>Que non existan familiares obrigados e con posibilidade real de prestar alimentos, conforme a lexislación civil. A xuízo do órgano de resolución, poderíase eximir deste requisito a aqueles solicitantes dos que se prevea que a obriga de alimento non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista a constancia no expediente</i>”.
Artigo 10 1- Terá a consideración de fogar independente o marco físico de residencia estable de unha soa persoa ou, se é o caso, de dúas ou máis,	1- <i>Únicamente se concederá unha Renda de Integración Social de Galicia por unidade de convivencia.</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou de afinidade ata o cuarto e o segundo grao, respectivamente, con respecto ó solicitante.	
2- Regulamentariamente serán determinados os supostos do marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados fogar independente para os efectos deste artigo.	2- “<i>Ós efectos previstos na presente Lei, considerarase unidade de convivencia ás persoas que vivan soas e, se é o caso, ó conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou parentesco da consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente</i>”.
3- Non se perderá a condición de beneficiario cando un fogar independente deixe de selo por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento.	1- <i>Non obstante ó anterior, cando nunha unidade de convivencia existan peroas con menores ó seu cargo, considerarase que constitúe unha unidade de convivencia independente.</i> 2- <i>A unidade de convivencia que por causa de forza maior, accidente ou desfiuzamento se vexa obrigada a integrarse noutra, non perderá a condición de beneficiario da Renda de Integración Social de Galicia.</i> 3- <i>Regulamentariamente serán determinados os supostos de marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados unidade de convivencia ós efectos do presente artigo.</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
Artigo 12 1- A contía do subsidio básico será equivalente ó importe mensual de pensión on contributiva individual, fixada na lexislación específica que resulte aplicable. 2- A contía do complemento variable, en función do número de mebmros do fogar, quedará fixada anualmnte nos presupostos da Comunidade Autónoma para cada exercicio. 3- En ningún caso a suma dos importes anteriores poderá supera-lo salario mínimo interprofesional	1- 2- <i>A contía do complemento variable, en función do número de membros de fogar, quedará fixada anualmente nos presupostos da Comunidade Autónoma para cada exercicio.</i> 3- <i>O importe que percibirá cada beneficiario estará constituido pola diferenca entre a contía mensual da Risga, que conforme ó presente artigo lle correspondese, e a dos recursos económicos dos que dispoña, computados de acordo co artigo 14 e, en ningún caso, poderá supera-lo límite do salario mínimo interprofesional.</i>
Artigo 14 1- Para os efectos previstos na presente lei, serán computados como recursos o conxunto de ingresos que perciba a persoa ou as persoas que constitúan o fogar en concepto de retribucións, rendas, pensións, prestacións, subsidios ou por calquera outro. Así mesmo, terán a consideración de recursos aqueles bens mobles ou inmoables sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufructo ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes, excepción feita da vivenda	1- <i>Para os efectos previstos na presente lei, serán computados o conxunto de ingresos correntes que perciban no momento da formulación da solicitude, o solicitante e as persoas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, pensión, prestacións, subsiddios, ou por calquera outro.</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
destinada a uso propio sempre que a súa valoración catastral non supere dez anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para o ano 2- No suposto de percepción de ingresos irregulares, tanto na súa contía coma na súa periodicidade, tomarase como referencia a media dos obtidos durante os doce meses anteriores á formulación da solicitude. 3- Exclúense da consideración de recursos os que, tendo carácter finalista, estean dirixidos á formación regrada ou a paliar situacións de emerxencia social.	2- <i>No suposto de percepción de ingresos irregulares tanto na súa contía como na súa periodicidade, tomarase como referencia media dos obtidos durante os doce meses anteriores á formulación da solicitude.</i> 3- <i>Reglamentariamente estableceranse os ingresos de carácter finalista que serán excluídos do cómputo para os efectos do previsto no presente artigo.</i> 4- <i>Terán a consideración de recursos as cantidades percibidas en concepto de pagamento único, así como ós depósitos bancarios, contas correntes, de aforro, dereitos de crédito e aqueles bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, pensión, usufructo ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou renda, indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia dos membros da unidade de convivencia, excepción feita da vivenda destinada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere dez anualidades do salario mínimo interprofesional vixente.</i>
Artigo 17 2- Por cada fogar destinatario da renda de integración social de Galicia deberá	2- <i>Por cada unidade de convivencia destinataria da Renda de Integración</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
elaborarse polo menos un proxecto de inserción. Serán beneficiarios deste a persoa ou as persoas maiores de idade que a xuicio dos servicios sociais comunitarios ou, se é o caso, da Comisión Técnica Provincial da Renda de Integración Social de Galicia estean en mellor disposición e aptitude para acada-la integración que se pretende.	<i>Social de Galicia deberá elaborarse polo menos un proxecto de inserción. Serán beneficiarios deste a persoa ou as persoas maiores de idade que a xuízo dos servicios sociais comunitarios ou, se é o caso, do órgano de resolución, estean en mellor disposición e aptitude para acada-la integración que se pretende.</i>
Artigo 22 1- A renda de integración social de Galicia seralle outorgada ó beneficiario mentres subsistan as causas que motivaron a súa concesión. 2- Poderá renovarse, nas condicións que regulamentariamente se determinen, en función da avaliación dos resultados acadados, que deberá realizarse cada doce meses. 3- A resolución sobre a súa renovación haberá de adoptarse con anterioridade ó remate do prazo polo que se outorgara. No seu defecto, será prorrogada tácitamente ata a data de resolución, na que se adoptará a decisión que proceda, fixándose, se é o caso, a duración do novo período recoñecido.	1- <i>A renda de integración social de Galicia seralle outorgada ó beneficiario mentres subsistan as causas que motivaron a súa concesión.</i> 2- <i>A revisión das condicións do seu outorgamento e a avaliación dos resultados acadados efectuarase cada doce meses. A resolución decidirá sobre a renovación, modificación ou extinción, sen prexuízo do establecido nos artigos 23 e 32 da presente Lei.</i> 3- <i>A prestación entenderase prorrogada en defecto de resolución expresa.</i>
Artigo 25 En cada Delegación Provincial da Consellería competente en materia de servicios sociais constituirase, con carácter permanente, unha Comisión técnica da Renda de Integración Social de Galicia e	<i>Tanto a nivel autonómico como en cada Delegación Provincial da Consellería competente en materia de servicios sociais, constituíranse con carácter permanente, unha unidade técnico-administrativas de</i>

LEI 9/91	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
unha unidade técnico-administrativa de apoio, coa composición e as funcións que se determinen.	<i>apoio ó órgano de resolución coa composición e función que regulamentariamente se determinen.</i>
Artigo 26 A nivel autonómico constituirase unha Comisión Técnica Central da Renda de Integración Social de Galicia e unha unidade técnico-administrativa de apoio, coa composición e as funcións que regulamentariamente se determinen.	SUPRIMIDO
Artigo 41 1- O obxecto do presente título é o establecemento de axudas económicas de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectadas por un estado de necesidade. 2- As axudas para situación de emerxencia social constitúense como o segundo programa do conxunto coordinado de medidas consideradas no título preliminar da presente lei.	1- <i>O obxecto do presente título é o establecemento de axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliar situacións de extraordinaria e urxente necesidade das persoas afectadas por un estado de emerxencia.</i> 2- <i>As axudas para situacións de emerxencia social constitúense como o segundo programa dentro do conxunto coordinado de medidas consideradas no título preliminar da presente lei.</i>

Estas propostas están recollidas na súa integridade no Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, remitida pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e obxecto do presente dictame.

4.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

En relación co Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, remitido ó CES pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia fai as seguintes consideracións particulares:

Art. 8: *Proponse a supresión deste artigo do Anteproxecto de Lei.*

Art. 9, apartado a): Cambia-lo requisito de residencia de dous anos por un ano, coa seguinte redacción:

“a) Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma Galega cun ano de antelación á formulación da solicitude”.

Quedan eximidos do cumprimento do presente requisito dun ano aquelas persoas que, procedentes doutras Comunidades Autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social da Comunidade da que proceden e lles fora esixido dito requisito pola normativa da mesma.

Os cidadáns doutros estados precisarán, ademáis, o correspondente permiso de residencia en España cun ano de antelación á data de formulación da solicitude.

Considérase que esta redacción é máis acorde coa realidade.

Art. 9, apartado c): Proponse que o rango de idades para solicita-las axudas vaia dos 21 ós 65 anos.

c) Que teñan unha idade comprendida entre os 21 e os 65 anos. Non obstante, tamén poderán ser beneficiarias:

-as persoas menores de 21 anos que, reunindo os requisitos do presente artigo, teñan menores ó seu cargo.

- As persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusválidos, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.

- As persoas maiores de 18 anos que, antes de acadar a maioría de idade estivesen tutelados pola Xunta de Galicia e internados en centros de protección de menores.

Art. 9, apartado d): Modificación da redacción deste apartado, que quedaría así:

d) Dispoñer duns recursos inferiores á contía de prestación económica da renda de integración social de Galicia que lle correspondería, considerando o número de membros que configuren a unidade de convivencia.

Art. 10: Proponse unha nova concepción do artigo, con apartados numerados, do seguinte modo:

“1.- Unicamente se concederá unha renda de integración social por unidade de convivencia.

2.- Para os efectos previstos na presente Lei, considérase unidade de convivencia ás persoas que vivan soas e, se é o caso, ó conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vencelladas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo graos, respectivamente.

3.- Non obstante o anterior, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ó seu cargo, considerarase que constitúen unha unidade de convivencia independente.”

4.- A unidade de convivencia que por causa de forza maior, accidente, desafiuzamento ou falecemento se vexa obrigada a integrarse noutra, non perderá a condición de beneficiaria da RISGA”.

5.- Regulamentariamente serán determinados os supostos de marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados unidade de convivencia para os efectos do presente artigo”.

Parece máis claro o contido do artigo con esta forma, ademais de incluír, no punto 4, unha causa máis (o desafiuzamento) entre as que non farán perde-la condición de beneficiaria da Risga.

Art. 12: Proponse incluír no texto normativo unha referencia á revisión da contía das prestacións, cunha nova redacción para o punto 1.-, que quedaría da seguinte forma:

“1.- A contía do subsidio básico debe se-lo equivalente ó importe mensual da pensión non contributiva tendo en conta 14 pagas divididas en 12 mensualidades. (...) a contía das prestacións actualizarase coa revisión do IPC”.

Art. 14: Considérase necesario incluír no punto 2 unha referencia a contía de percepción de ingresos irregulares. A redacción do punto quedaría así:

“2.- No suposto de percepción de ingresos irregulares, tanto na súa contía coma na súa periodicidade, tomarase como referencia a media dos obtidos durante os 12 meses anteriores á formulación da solicitude, que se terá en conta sempre que a súa contía supere o 60% da pensión non contributiva”.

Artigo 15: Proponse substituír na liña 1 os parágrafos a) e b) polo seguinte texto:

“A persoa beneficiaria terá dereito a percibi-la prestación económica da RISGA dende o primeiro día a partir da súa solicitude”.

O dereito á prestación terase dende o día da solicitude, sen ter en conta o prazo que poda haber ata o día no que se dicte a resolución sobre a mesma.

Art. 20: Recoméndase mante-lo texto da actual Lei de Integración Social de Galicia no canto da proposta de modificación do Anteproxecto de Lei.

Art. 23, parágrafo 4: Proponse a supresión deste parágrafo.

Art. 23, parágrafo 6: Este parágrafo debería ser redactado de modo seguinte:

“6.- Deberán exercita-las accións pertinentes para o cobro de calquera crédito que poidera corresponderlles. Quedan eximidas deste requisito as persoas que estime convinte o órgano de resolución, que en todo caso considerará as de aquelas persoas beneficiarias que por situacións de malos tratos, relacións deterioradas ou inexistentes, non poidan face-la efectiva.

Art. 29: Proponse cambia-lo texto do Anteproxecto de Lei polo seguinte:

“No caso de que a persoa beneficiaria ou calquera dos compoñentes da unidade de convivencia tivesen unha facultade de exercicio do dereito de alimentos entre parentes ou, se a persoa beneficiaria fose acreedora de dereitos de carácter económico derivados de procesos rematados de nulidade, separación ou divorcio, previa ou simultaneamente, á presentación da solicitude deberá instar a execución xudicial dos mesmos, procedéndose mentres tanto ó aboamento provisional da prestación. Neste caso, unha vez feitas efectivas as ditas pensións, a persoa interesada quedará obrigada a devolver unha contía igual á obtida ata o límite da RISGA que viñese percibindo. Non obstante, poderá acordarse o pagamento aprazado ou mesmo a condonación desta obriga, en función das circunstancias económicas concorrentes na persoa beneficiaria.”

Art. 33: Previsión do mecanismo de reclamación previa, coa seguinte redacción:

“1.- Contra resolucións dos órganos provinciais competentes poderá interpoñerse, no prazo dun mes, reclamación previa diante do órgano que regulamentariamente se determine na Consellería competente en materia de Servizos Sociais.

2.- A resolución expresa ou presunta de reclamación previa deixará expedita a vía xurisdiccional social”.

Art. 34: Proponse suprimir este artigo.

Art. 35: Proponse suprimir este artigo.

Art. 37, punto 1: Proponse engadir na lista de representantes para a Mesa á que fai referencia este artigo ós sindicatos agrarios, con dous representantes.

“1.-En cada unha das provincias (...) unha mesa integrada por:

- 7 representantes da Administración Autonómica.*
- 7 representantes das centrais sindicais máis representativas a nivel autonómico.*
- 7 representantes das organizacións empresarias no mesmo ámbito.*
- 2 representantes dos Concellos da Comunidade Autónoma.*
- 2 representantes dos sindicatos agrarios.*

Art. 38: En consecuencia, e no mesmo senso que no artigo anterior para as mesas provinciais, na constitución da Mesa a nivel autonómico haberá que contar con dous representantes dos sindicatos agrarios. O texto do Anteproxecto xa indica que esta Mesa terá *“igual representación e sistema de designación que as Mesas provinciais”*.

Art. 44: Proponse cambia-lo texto do Anteproxecto de Lei polo seguinte:

“1.- Para os efectos do previsto no presente título consideraranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente tales como: gastos destinados para cubrir con carácter urxente necesidade primarias (alimentación, atención sanitaria, vestido, instrucción, vivenda e outras de natureza análoga con cubertas polos diferentes sistemas de protección).

Art. 51: De acordo có sinalado no artigo 33, en relación coa presentación de recursos sobre as resolucións de axudas de emerxencias proponse a seguinte redacción:

“Nos recursos sobre resolucións de axudas de emerxencia, mantéñense os mesmos criterios cós que se asumen en relación cos recursos contra solicitudes da RISGA”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 1997

5.- VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR QUE FORMULA O **SINDICATO LABREGO GALEGO**
Ó ANTEPROXECTO DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI 9/1991, DO 2 DE
OUTUBRO, GALEGA DE MEDIDAS BÁSICAS PARA A INSERCIÓN SOCIAL

Artigo 9, apartado a).- Proponse a seguinte redacción:

“a) Ter residencia efectiva e estar empadroado en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega.

Os emigrantes galegos, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, cando fixen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma. Os cidadáns doutros estados precisarán o correspondente permiso de residencia en España”.

Artigo 57, punto 3).- Quedaría redactado da seguinte forma:

“3.- Na composición destes equipos técnicos daráselle entrada a tódolos axentes sociais da comarca que o soliciten, sendo determinada regulamentariamente a súa distribución e dotación”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 1997

VOTO PARTICULAR QUE FORMULAN AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS
UGT-GALICIA E S.N. DE CC.OO. DE GALICIA Ó ANTEPROXECTO
DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI 9/1991, DO 2 DE OUTUBRO,
GALEGA DE MEDIDAS BÁSICAS PARA A INSERCIÓN SOCIAL

Artigo 9, apartado c).- O voto particular concrétase na seguinte consideración:
o Dictame fai a seguinte consideración particular referida ó artigo 9, apartado c:
“proponse que o rango de idades para solicita-las axudas vaia dos 21 ós 65 anos”.

*Nós propoñemos que o rango de idades para solicita-las axudas vaia dos **18** ós
65 anos.*

Santiago de Compostela, 24 de abril de 1997

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 1997

Vº e P
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos López
Ulzurrun

Asdo.: Carlos Monclús Díez de